



EU TAMÉN PODO SER SUPERHEROE DE VERDADE

Con esta actividade pretendemos...

Ser constantes ao poñer en práctica os valores da Xenerosidade, o Respecto e a Solidariedade.

Necesitaremos

Cuadrante de Control (imprimilo nun tamaño grande e colgalo nun lugar visible da aula).

Durará

A duración da actividade é de, polo menos, catro semanas, aínda que dependerá da planificación que faga a educadora ou o educador.

Consideracións previas

Debemos lembrar con asiduidade os obxectivos correspondentes a cada valor e a importancia de cumprilos:

Obxectivos Solidariedade

- Coido os materiais da clase e mantéñoa limpa e ordenada.
- Axudo aos que o necesitan en clase e no patio.

Obxectivos Respecto

- Nas Asembleas respecto sempre a quenda de palabra.
- Escoito con atención aos demais cando se expresan.

Obxectivos Xenerosidade

- Comparto os materiais, xogos e xoguetes da clase cos demais.

Ao final de cada semana, anotarase o número de persoas do grupo que manteñen os seus adhesivos, baseándonos no logro dos obxectivos, aínda que sen identificar persoalmente a ninguén. Isto permitirá ter unha visión global do desenvolvemento da actividade e da evolución da clase na consecución de obxectivos.

Cada valor co seu grupo de obxectivos, será contabilizado por separado cada semana. Isto implica que, aínda que se conseguiu unha semana manter o adhesivo dun valor, deberanse continuar cumprindo os obxectivos marcados, porque de non ser así perderían.

É fundamental recalcar que non basta con conseguir as tres adhesivos, o importante é que todos e todas logren mantelas, o que implica esforzarse por actuar de acordo aos valores que representan.

1ª Fase: actuamos con valores

Colgar na aula o cuadrante de control. Explicar aos nenos e as nenas que deberán cumprir os obxectivos que aparecen nas columnas para poder manter os seus adhesivos da Academia de Superheroes de verdade, algo que faremos ao longo de varias semanas.

Para rematar, hai que reflexionar

Ao finalizar cada semana e en Asemblea, repasar o panel e expor cuestións como:

- Que adhesivos conseguistes manter esta semana?, Por que?
- Cales non se conseguiron?, que debes facer para mantelas?

Os superheroes de verdade sempre están pendentes de cumprir co seu deber.

Cuadrante de Control

	Solidariedade Obxectivos: <ul style="list-style-type: none">● Coidar os materiais da clase e colaborar en manter a clase limpa e ordenada.● Axudar a quen o necesita.	Respecto Obxectivos: <ul style="list-style-type: none">● Nas Asembleas respectar a quenda de palabra.● escoitar aos e ás demais.	Xenerosidade Obxectivos: <ul style="list-style-type: none">● Compartir cos demais.
Semana 1			
Semana 2			
Semana 3			
Semana 4			